

A MAXIA DA QUÍMICA: O FUTURO

ÁLVAREZ, Constantino
NEIRA, Mercedes

LÓPEZ, Elena
PAZOS, Mariano

Despois de uns quince anos de andadura e algúns de ausencia ao Congreso de Enciga, por distintas vicisitudes dos seus membros, o grupo «A MAXIA DA QUÍMICA», mostra no presente Congreso dúas remesas de experiencias:

- as que agora chamamos «vellas» cuíos nomes e monaxes xa coñecen, ou polo menos recordarán, os tamén «vellos» socios e participantes nos distintos congresos (p.e.: reacción sodio-auga, ¿pode facerse de maneira segura? ; xogo de cores, lume verde, ¿quen foi antes o ovo ou a serpe, etc...)
- as que chamamos «da e non de última xeneración» , cuíos nomes son:
 - * *Branco e negro*
 - * *Efecto invernadoiro.*
 - * *Tintas máxicas.*
 - * *A oxidación catalítica do amoníaco.*
 - * *A boia química*
 - * *Aplastamento dun bidón por efecto da presión.*
 - * *A auga ferve cando se enfría*
 - * *A festa da espuma*
 - * *Nimbo violáceo ($Zn + I_2 + auga$).*
 - * *Explosión impactante. ($KClO_3 + P$ vermello)*

Con estas experiencias, como moitos sabedes, non só pretendemos entreter o persoal variado que temos nas aulas senón encender a chama que lles permita as veces abandonar o pasotismo e facelos, na medida do posible, participes no proceso de ensinanza de tal xeito que as clases de ciencia sexan algo levadieras ou como ven decía a nosa «vella pero vixente presentación»:

Para a maior parte dos mortais a Ciencia é algo escuro e complexo, ás veces mesmo perigoso. Este sentir segue a espallarse entre os estudantes de primaria e de ensanzas medias, para os que os temas de Ciencia son un verdadeiro crebatesta.

Noutros países preséntanse os temas de Ciencia emparellados con vistosas e espectaculares demostracións que provocan o asombro e motivan a curiosidade do alumno.

Non se trata de que as clases de Ciencia sexan demostracións de maxia, para iso xa temos os magos, senón de realizar as experiencias e, a continuación, de acordo co nivel no que

impartimos as clases, sinalar as razóns do comportamento observado. Mesmo, aínda que a comprensión do fenómeno sexa difícil, o mero feito da espectacularidade xa abonda para motivar o alumno.

En definitiva, trátase de desmitificar a Ciencia; de facer desta algo próximo e comprensible para todos e non só un conxunto máis ou menos abstracto de hipóteses, fórmulas e ecuacións.

Isto é o que nos move a seguir traballando nesta línea xa que estamos seguros de que é o camiño, coas dificultades que conleva, polo que deben transcurrir as clases de Ciencias.